



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Proceso selectivo correspondente á estabilización da praza profesor de música, incluída no oferta pública de emprego extraordinaria de 2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Andrés García Cardeso, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A PRAZA DE PROFESOR/A DE MÚSICA INCLUÍDA NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DA BAÑA NO ANO 2022 Ó ABEIRO DA LEI 20/2021 DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

Expte. TEDEC: 2022/X999/000011 (O. P. E.).

Expte. TEDEC 2022/E001/000014 (Emprego)

Expte. TEDEC: 2023/G003/000050 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto que as bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello da Baña incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 foron aprobadas por resolución de Alcaldía con número de Decreto 208/2022, de 16 de maio de 2022; e publicadas no BOP da Coruña núm. 85, de 20 de maio de 2022.

Vista as bases específicas aprobadas por resolución de Alcaldía con número de Decreto 587/2022, de 07/12/2022, e publicadas no BOP nº 234, de 13/12/2022.

Vista a convocatoria publicada no BOE nº 307, de 23/12/2022.

Vistas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo para a praza de profesor/a de música incluída na oferta pública de emprego extraordinaria para a estabilización do emprego temporal no Concello da Baña no ano 2022 ó abeiro da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Aboca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas/excluídas para a praza de profesor/a de música incluída no citado proceso selectivo que figura como anexo a esta resolución e darlle publicidade mediante a publicación no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios do Concello da Baña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Baña.

Terceiro: Outorgar ás persoas excluídas un prazo de 10 días hábiles para emendar os erros ou defectos que motivaron a súa exclusión, a contar dende a publicación da presente Resolución no BOP da Coruña.

Cuarto: Facer pública a presente Resolución mediante anuncio no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios do Concello da Baña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Baña.

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

ANEXO I

DENOMINACIÓN DO POSTO	ADMITIDOS PROVISIONAIS	DNI	CELGA
Profesor/a de música	DOMÍNGUEZ LEIS, JOSÉ RAMÓN	****727**	Si
	GARCÍA ÁLVAREZ, OLGA	****784**	Si
	OTERO LÓPEZ, ALDARA	****975**	Si

A Baña, 6 de febreiro de 2023

O alcalde

José Andrés García Cardeso

2023/766